

[Actualidade](#) > Ficha da nova

Ficha da nova

[Enviar comentario](#)

Antonio Reigosa: “As lendas urbanas son actualizacións das tradicionais”

As chamadas lendas urbanas transcorren en autoestradas ou discotecas, pero a súa orixe hai que procurala mesmo antes de que existiran estas infraestruturas. A recorrente historia dunha moza que se aparece nunha curva ten os seus referentes na Iliada e os rumores que rodean aos inmigrantes chineses resultan moi similares aos que sufrían hai séculos os xudeus, segundo se porá de manifesto esta fin de semana en Lugo no marco das Xornadas de Literatura de Tradición Oral que nesta cuarta edición levan por título Lendas urbanas. Mitos e ritos dos tempos modernos.



As Xornadas de Literatura de Tradición Oral analizarán historias como a da “rapaza da curva”

[Cultura](#) • 26/10/2011 • Autor: Redacción

O coordinador da cita, Antonio Reigosa, explicou en Radiofusión que o único que distingue a estas narracións contemporáneas do resto das de tradición oral é a súa capacidade para actualizarse temporalmente e reubicarse xeograficamente. Apunta ademais que estas lendas proban a falsidade do tópico que relaciona en exclusiva a cultura popular e o mundo rural.

As IV Xornadas de Literatura de Tradición Oral arrincan o venres no salón de actos da Deputación de Lugo. Luis Giadás falará sobre O visguento unto da calumnia: boticarios e sacramanteigas e Bruno Cardeñosa reflexionará arredor de As lendas urbanas, a distorsión da realidade e a creación do imaxinario máxico. O sábado José Joaquim Dias Marques compartirá os seus coñecementos sobre O roubo de órganos nas tendas de chineses en Portugal, Fito Rodríguez ofrecerá un relatorio titulado Todo canto se di, acontece e Celso Fernández Sanmartín impartirá un obradoiro de narración oral.